

CAMPAÑA DE VERÁN DA XUNTA DE GALICIA 2024

Dirixida a rapaces/as de entre 9 e 18 anos.

As diferentes actividades que integran esta programación levaranse a cabo en diversas quendas de entre oito e doce días de duración (catorce días no intercambio en Cantabria) durante os meses de xullo, agosto e setembro.

Pódese escoller o campamento que se queira en función da idade e das actividades que se leven a cabo nel: actividades diversas que van desde a náutica, deportiva, ambiental, artística, patrimonial vinculada ao Camiño de Santiago, científica, agrícola, etc.

A publicación da orde de convocatoria no Diario Oficial de Galicia está prevista para o 16 de abril.

Prazo de presentación de solicitudes: 10 días hábiles, desde o 17 ao 30 de abril.

Forma de presentación das solicitudes:

- As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente** a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: sede.xunta.gal
- Os formularios de solicitude **estarán dispoñibles na sede electrónica o día de apertura do prazo de presentación.**
- **Códigos dos procedementos para o buscador da Sede** (segundo o tipo de solicitude):

ANEXO II -Solicitude individual. Procedemento xeral: **CÓDIGO BS303A**

ANEXO III- Solicitude múltiple. Procedemento xeral: **CÓDIGO BS303F**

ANEXO IV-Solicitude individual. Procedemento de prazas reservadas para inclusión:
CÓDIGO BS303G

ANEXO V- Solicitude múltiple. Procedemento de prazas reservadas para inclusión:
CÓDIGO BS303H

IDADES

Poden solicitar a participación nas actividades ofertadas as persoas nadas no ano sinalado para cada actividade no anexo I da orde reguladora.

En canto ás idades mínima e máxima, para poder participar na Campaña de Verán 2024, cómpre destacar:

- As persoas nadas no **ano 2015** deberán ter feitos os 9 anos ao inicio do campamento.
- As persoas nadas no **ano 2006** non poderán facer os 18 anos antes da finalización do campamento.

PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán facer constar esta circunstancia no apartado que figura no seu anexo de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisase.

Máis información: <http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran> e no arquivo adxunto.